

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de xullo de 2010**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o día 30 de xullo de 2010, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **\*Declaración institucional**

#### **Actas**

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 6/10, do 25 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 12.401 á nº 14.200, de 2010.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de agosto de 2010.

4.-Proposición da Presidencia sobre a representación da Deputación na Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña.

#### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

5.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Captación e depósito en Rial e outro”, do concello do Val do Dubra, incluída na 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) anualidade 2009. Código: 09.3300.0102.0.

6.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Muro de contención em. Chancas”, do Concello de Fene incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código: 07.3100.0102.0.

#### **Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo**

7.-Aprobar a modificación do proxecto NEA II.

8.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2009 do proxecto “Mellora da Calidade Turística da Zona do Eume”.

#### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

9.-Proposta de aprobación da modificación do convenio asinado coa entidade INTEGRADOS con sede en Ribeira, para a adquisición de dous vehículos para o transporte de persoas con pluridiscapacidade.

10.-Proposta de aprobación do convenio coa entidade ASPROMOR, para o financiamento da 1ª fase das obras de construción dunha residencia-centro de día para persoas con discapacidade en Ortigueira.

### **Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

11.-Aprobar a modificación da 3ª fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo.

12.-Modificar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dodro para financiar a obra de rehabilitación do cruceiro na praza pública de Revixos e outros.

13.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Pro-Enfermos Mentais A Coruña para a reforma e acondicionamento do local de taller de cerámica.

14.-Modificar o texto do convenio tipo da campaña dos Grupos Municipais de Protección Civil (GRUMIR) 2010.

15.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Boiro para o financiamento da realización das obras da II e III fase de construción dun centro sociocultural e de servizos municipais en Cabo de Cruz e dotación de mobiliario (modificación de presuposto e de coeficiente de financiamento).

16.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Terra de Homes España para financiar o proxecto viaxe cara a vida.

17.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación e a ONGD Ecodesarrollo Gaia para financiar o proxecto “Escola de Yoff-Tonghor en Senegal” durante o ano 2010.

18.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Galicia Innova para financiar o proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento en Cuba.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

19.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010, sexta fase, integrado polo proxecto complementario de ampliación e mellora de trazado na estrada DP 8203 de Vedra á Ponte de Santa Lucía (Vedra) (10.1100006.0) orzamento 131.823,03.

20.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías provinciais 2009, sexta fase, integrado polo proxecto actualizado da travesía do Vilar na DP 1301 da Gándara á Amañecida PQ 5+800 ao PQ 6+470 e na DP 1302 Negreira a Urdilde PQ 5+470 ao PQ 5+600 Vilar (Brión) (091130.0022.0). Orzamento 626.774,61.

21.-Aprobar tecnicamente o Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado polo proxecto de senda peonil DP 5603 PQ 1+550 ao 2+170 (Negreira) orzamento 136.610,2.

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

22.-Aprobar tecnicamente o Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado polo proxecto de ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 1301 da Gándara á Amañecida PQ 0+047 ao 0+377 (Brión).

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

23.-Tomar coñecemento do informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009: Exencións/bonificacións do IVTM (*Imposto de vehículos de tracción mecánica*); Padrón fiscal do IVTM, Padrón fiscal do IAE (*Imposto actividades económicas*); Actas de inspección e os expedientes sancionadores asociados e Padróns do IBI (*Imposto de bens inmoables de natureza rústica, urbana e de características especiais*).

24.-Aceptar a ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Betanzos en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

25.-Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do Concello de Betanzos.

26.-Aprobar a Conta Xeral do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2009.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE XULLO DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 30 de xullo de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

##### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

##### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUENTES:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP

DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Gacio Vázquez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e trinta minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Antes de comezar o Pleno pediríalle ao Sr. secretario da Corporación que lese unha declaración institucional da Deputación con motivo do Decreto de restricións por garantía de subministración, o coñecido e chamado Decreto do carbón, que foi o que nos fixo demorar media hora o comezo deste Pleno porque estaban os voceiros dos grupos redactando o acordo. O motivo do atraso non foi a dificultade de pórse de acordo senón a dificultade en mecanografalo.

Sr. secretario

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO RESPECTO DO R.D. 134/2010, DE RESTRICIÓN S POR GARANTÍA DA SUBMINISTRACIÓN**

Polo Sr. Secretario procédese á lectura da declaración institucional asinada polos grupos políticos con representación na Deputación da Coruña P.P., PSdeG-PSOE e BNG e cuxa redacción definitiva é a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Centrais Térmicas de Meirama (Cerceda) e As Pontes teñen importantes paradas de produción dende finais do ano 2009. Isto débese, por unha banda, á caída da demanda e, por outra, ao incremento de produción mediante enerxías renovables. Esta situación de non funcionamento agravárase e prolongárase pola entrada en vigor do R.D. de restrición por garantía da subministración (Decreto do carbón) que primaria ás centrais que consomen carbón nacional fronte as que consomen carbón de importación.

As ditas paradas das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes teñen importantes efectos sobre o tecido produtivo da zona, provocando nalgúns casos o peche de

empresas locais e noutros a presentación de EREs para poder paliar a situación. Unha clara mostra desta situación, dificilmente sostible, ponse de manifesto observando a diminución do volume de negocio xerado no contorno con respecto ao que se produciría si se encontrasen en funcionamento.

Podemos dicir que o funcionamento normal das dúas plantas supoñen un consumo de carbón da orde de **5.500.000 Tm** (1.500.000 Tm en Cerceda e 4.000.000 Tm nas Pontes), cuxo transporte se fai dende o Porto da Coruña e o Porto exterior de Ferrol respectivamente. Polo feito de non producirse este movemento de carbón pódese estimar unha caída da actividade económica da orde de **40 millóns de euros/ano** (11,4 M. no caso de Cerceda e 28,6 M. no das Pontes).

Outras actividades que se realizan nas instalacións e teñen unha repercusión directa sobre o mantemento do nivel de emprego na área de influencia das centrais, afectando incluso aos ingresos da Administración autonómica e a local, contratación con empresas externas, impostos e subministracións supoñen un importe superior aos **60 millóns de euros/ano**.

Polo tanto, o total do volume económico perdido (de máis de **100 millóns de euros/ano**) resulta suficientemente indicativo da importancia do funcionamento das centrais térmicas de Meirama e As Pontes sobre as economías locais, sen perder de vista que xeran un índice de ocupación externo da orde dos **2.000 postos de traballo/ano** (directos e indirectos) nas empresas que subministran e prestan servizos nas instalacións das centrais e as súas auxiliares. Ao que habería que engadir o alto nivel de emprego de persoal propio nas centrais, a maioría do cal reside nas zonas.

Definitivamente, si finalmente entrase en vigor o real decreto citado sen ter en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega, esta situación de non funcionamento das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes, coas súas perdas, prolongaríase durante cinco anos máis, ata o 2014, e implicaría un golpe definitivo ao desenvolvemento económico dos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas comarcas, do que sería moi difícil recuperarse.

Polo que, dende a Deputación Provincial da Coruña se fai a seguinte

### **POSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

Os membros da corporación da Deputación Provincial, reunidos en pleno, solicitan:

- 1.- O mantemento do emprego directo nas instalacións termoeléctricas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos ciclos combinados radicados en Galicia.
- 2.- O mantemento da industria auxiliar dependente das ditas instalacións e a actividade portuaria de Ferrol e A Coruña.

3.- O mantemento do nivel de actividade á competitividade necesario das instalacións co fin de darlle robustez e fiabilidade ao sistema eléctrico español.

4.- Que se teñan en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega e as repercusións socioeconómicas negativas que a entrada en vigor do dito RD tería para As Pontes, Cerceda e as súas comarcas.

5.- Que se lles compense ás respectivas empresas por dispoñibilidade garantindo un mínimo de hora anuais co fin de manter o emprego e a actividade económica.

6.- Co fin de facer efectivos os apartados anteriores, que se garanta un mínimo do 8% da cota de produción estatal ao carbón de importación, co fin de manter o emprego e a actividade económica tanto nas Pontes como en Cerceda e tamén Sabón.

Sr. presidente

Esta declaración foi asinada polos voceiros do tres grupos representados na Deputación, por tanto, enténdese aprobada e desde a Secretaría Xeral rógoles que a envíe á Delegación do Goberno, ao Ministerio de Industria e á Presidencia do Goberno.

**1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/10, DO 25 DE XUÑO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/10, do 25 de xuño.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 12.401 Á Nº 14.200, DE 2010.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 12.401 á nº 14.200, de 2010.

**3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE AGOSTO DE 2010.**

Apróbase por unanimidade a ratificación de inclusión na orde do día e, tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de



organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 27 de agosto.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 28 de xullo de 2007,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2010 celebrarase o día 10 de setembro, venres, a partir das doce horas”.

#### **4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A REPRESENTACIÓN DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA CORUÑA.**

Apróbase por unanimidade a ratificación de inclusión na orde do día e, tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada.

Resultando que como consecuencia do acordo plenario de 28 de xullo de 2007 foi nomeado o deputado don Pablo Villamar Díaz como representante da corporación no organismo Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico Galego, mais agora solicita o director xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que a Deputación propoña un representante titular e un suplente, como consecuencia da entrada en vigor do novo Decreto 103/2010, do 17 de xuño (DOG núm 124, do 1 de xullo de 2010).

En consecuencia, PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Propoñer para formar parte da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña en representación da Deputación Provincial da Coruña como vogal titular ao deputado provincial don Pablo Villamar Díaz, e como vogal suplente ao deputado provincial don Bernardino Rama Seoane”.

**5.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAPTACIÓN E DEPÓSITO EN RIAL E OUTRO”, DO CONCELLO DO VAL DO DUBRA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) ANUALIDADE 2009. CÓDIGO: 09.3300.0102.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da "Captación e depósito en Rial e outro” (código:09.3300.0102.0) do concello de Val do Dubra, incluída na 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2009, cun orzamento de contrata de 524.293,62 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0102.0	Val do Dubra	Captación e depósito en Rial e Outro	498.078,94	26.214,68	524.293,62

**6.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MURO DE CONTENCIÓN CM. CHANCAS”, DO CONCELLO DE FENE INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO: 07.3100.0102.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Muro contención cm. Chancas” do concello de Fene, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0102.0). O proxecto modificado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica na táboa seguinte, que é financiado integramente polo concello, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18% como consecuencia do disposto no artigo 79 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, que modifica o tipo impositivo do IVE con efectos do 1 de xullo de 2010.”

<b>Código: 07.3100.0102.0 - Muro contención cm. Chancas (Concello de Fene)</b>			
	<u>Proxecto inicial co 16% de IVE</u>	<u>Proxecto Reformado co 16% de IVE</u>	<u>Diferenza co 16% de IVE</u>
Deputación f.p.	94.328,89	94.328,89	0
Concello	55.836,54	196.990,83	141.154,29
<b>TOTAL</b>	<b>150.165,43</b>	<b>291.319,72</b>	<b>141.154,29</b>

**7.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO NEA II.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Autorizar a modificación do proxecto NEA II aprobado polo Pleno da Corporación o 29 de xuño de 2006, no senso de modificar o seu texto para adecualo aos condicionantes de execución segundo se detalla no seguinte cadro

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN CADRO DE FINANCIAMENTO POR ANUALIDADES				
ANUALIDADE	GASTO PREVISTO		INGRESOS AFECTADOS PREVISTOS	
	PARTIDA PRESUPOSTARIA	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
2010	0305/172E/227.99	44.952,00 €	Fondos Feder	29.218,80 €
			Fondos propios	15.733,20 €
2011	0305/172E/227.99	54.905,00 €	Fondos Feder	35.688,25 €
			Fondos propios	19.216,75 €
<b>TOTAL PROXECTO</b>		<b>99.857,00 €</b>		

2.-. Emitir documento CI/ polo financiamento relativo ó exercicio 2009, cos seguintes datos contables.

Concepto de ingreso	Fase anterior	Nº operación	Data	Importe
491.04. Achega do FEDER ó proxecto. NEA II	CI	120090002834	01/01/2010	18.818,80

3. Anular a retención de crédito da anualidade 2009 e emitir RC/ cos datos seguintes:

Partida	Fase anterior	Nº operación	Data	Importe
0305/172E/227.99	RC	220090031657	05703/2010	28.952,00

4. Polos cambios nas anualidades de 2010 e 2011 procede emitir novos documentos de compromiso de ingresos, CI e CIP para completar os compromisos de ditas anualidades cos datos seguintes:

Concepto de ingreso	Fase	Importe	Explicación
491.04 Achega do FEDER ó proxecto NEA II	CI	8.450,00	Modificación m/acordo plenario Achega FEDER Anualidades 2010 C.P: 2009.3.81020.3
491.04 Achega do FEDER ó proxecto NEA II	CIP	10.368,80	Modificación m/acordo plenario Achega FEDER anualidade 2011 C.P. 2009.3.81010.3
<b>TOTAL</b>		<b>18.818,80</b>	

5- O gasto modificado correspóndelle á partida **0305/172E/227.99**”

**8.-APROBAR A 3ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO “MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º- Aprobar a 3ª fase da anualidade 2009 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume. A relación de investimentos contidos nesta anualidade o detalle das obras e servizos que se han executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente cadro unha vez aplicado o incremento do IVE.

3ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME								
Código	Concello	Denominación	IVE 16%			IVE 18%		
			axentes financiadores		Total	axentes financiadores		Total
			Deputación	Concello		Deputación	Concello	
09.4700.0010.0	Monfero	sinalización turística nas parroquias de Alto Xestoso, Val de Xestoso e San Félix	86.387,22	0	86.387,22	87.876,65	0	87.876,65
09.4700.0011.0	Pontedeume	Sinalización de toponimia e información turística en Pontedeume	43.331,20	4.173,12	47.504,32	44.150,24	4.173,12	48.323,36
Total			129.718,42	4.173,12	133.891,54 €	132.026,89	4.173,12	136.200,01

2º A Deputación asume o compromiso de financiar a repercusión do incremento do gravame do IVE das actuacións pendentes de executar da 2ª fase do Plan de mellora da calidade turística do Eume e as actuacións do concello das Pontes pendentes para aprobar nunha 4ª fase.

3º.- A contratación das obras e servizos incorporados nesta fase do programa delégase nos concellos respectivos conforme os seguintes criterios:

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberán realizala antes do día 30 de marzo do ano seguinte á aprobación do programa. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de presidencia, trala solicitude previa motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta Deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice ata anular, se fora posible, a dita achega. En caso de que a actuación non teña achega municipal a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitirse a esta Deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras e investimentos con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas.

No caso de executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

En caso de adquisición de equipamentos a xustificación efectuarana os concellos presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, en caso de ben inmovible, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de contratación. Así mesmo achegarase a certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figuran na súa páxina web, debidamente aprobadas polo concello e en exemplar triplicado. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferirá ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflicta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á Deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta Deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra. Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

4º O financiamento das achegas provinciais ás obras será imputado á partida 0305/432C/762.01 do vixente orzamento da Corporación. O presuposto total da achega provincial á proposta da 3ª fase da anualidade 2009 ascende a **132.026,89 €**.

5º Dispoñer a exposición pública da 3ª fase da anualidade 2009 mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

6º.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

## **9.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO COA ENTIDADE INTEGRADOS CON SEDE EN RIBEIRA, PARA A ADQUISICIÓN DE DOUS VEHÍCULOS PARA O TRANSPORTE DE PERSOAS CON PLURIDISCAPACIDADE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que existen circunstancias que xustifican a modificación proposta, procede :

Aprobar a formalización e o texto da modificación nos termos propostos polo Servizo de Patrimonio e Contratación respecto do Convenio núm. 419/2009, asinado o 9 de decembro de 2009 entre a Deputación provincial e a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURA DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE “ INTEGRAD@S”, con CIF G-15973357 e domicilio en Rúa Gándara, 33, Oleiros, 15993 RIBEIRA, para o financiamento e adquisición dun vehículo para dar servizo a persoas con pluridiscapacidade, texto que se modificará pasando a ser a actividade subvencionada a adquisición de dous vehículos e sendo a achega provincial polo mesmo importe de 34.831,20 euros, o que representa unha porcentaxe do 72,38% do

total da adquisición, e manténdose o resto dos compromisos asumidos no convenio inicialmente asinado.”

**MODIFICACIÓN DO CONVENIO COA ENTIDADE “ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAUDE INTEGRAD@S” CON SEDE EN RIBEIRA PARA O COFINACIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHICULO PARA O TRANSPORTE ADAPTADO PARA PERSOAS CON PLURIDISCAPACIDADES**

A Coruña,

de dous mil dez

**REUNIDOS**

Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.  
D. Juan Santiago España Vidal presidente da ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S

**EXPOÑEN**

Que a Deputación Provincial da Coruña ten, dentro das súas competencias, conforme ao art. 63 da Lei de servizos sociais 13/2008 para Galicia, a de proporcionar asistencia aos concellos na prestación dos servizos sociais, sendo competencia dos concellos, conforme ao art. 60, a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, e promover a coordinación evitando a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.

Que a Asociación [INTEGRAD@S](#), con sede en Ribeira, de conformidade cos seus estatutos, presta servizos sociais a persoas con discapacidade, e ten como fins entre outros o de mellorar a calidade de vida e a integración do colectivo que atenden, polo que solicita a colaboración da Deputación para a adquisición dun vehículo coa fin de prestar servizos de transporte adaptado de persoas con pluridiscapacidades, do que se beneficiarán usuarios das comarcas de Noia e Barbanza.

Por Resolución da Presidencia numero 24.642 con data do 25.11.09 aprobouse a formalización dun *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION XUVENIL CULTURAL E DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCION DA SAÚDE INTEGR@DAS*, para cofinanciar a adquisición dun vehículo para o transporte adaptado para persoas con pluridiscapacidades cunha achega provincial de 34.831,20€ (percentaxe de financiamento do 80,00%)

A petición da entidade o Pleno da Corporación en sesión celebrada o \_\_\_\_\_ de dous mil dez, aproba a modificación do convenio no senso de adquirir dous vehículos, mantendo a achega provincial prevista inicialmente.

En consecuencia, ambas as dúas partes, acordan modificar o convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S co CIF núm. G- 15973357 e sede en Ribeira, para o financiamento da adquisición de dous vehículos ( un microbús e un vehículo mixto) para o servizo de transporte adaptado para persoas con pluridiscapacidade, que presta a citada entidade.

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 48.120,69 euros.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 34.831,20 euros, o que representa unha porcentaxe do 72,38%
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,38% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do vehículo adaptado, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231D/781 do vixente presuposto, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN



1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos subministradores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. A ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, fará constar na memoria anual e na publicidade referida ao servizo de transporte, a colaboración que obtivo da Deputación Provincial da Coruña, para a adquisición do vehículo.

2. Adquirido o ben, a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S deberá colocar no exterior do vehículo, en lugar visible o logotipo da Deputación, que se lle facilitará no servizo de Patrimonio. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación, por importe do 72,38% do gasto xustificado, e polos conceptos subvencionados, seralle aboada á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo da entidade beneficiaria, no que fai a recepción do vehículo, expedida polo órgano competente.
- Factura da adquisición. Só se terá en conta o IVE no caso de que non sexa deducible. A entidade indicará se está ou non exenta do pagamento.

No caso de presentar fotocopia da factura, antes de realizar a fotocopia para a presentación, deberá previamente estenderse unha dilixencia no orixinal, na que conste que a factura foi presentada para xustificar a subvención concedida pola Deputación conforme a este convenio.

- Permiso de circulación do vehículo adquirido.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, onde conste a obriga de comunicar á Deputación o cese no servizo do vehículo se se produce antes do período de dez anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

## **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES, contado a partir da finalización do período de vixencia do convenio.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN. COMPROMISOS DA ADSCRICION DO VEHICULO**

1. A ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

4. A entidade beneficiaria comprométese á adscrición do vehículo ás fins da asociación, polo menos durante dez anos, salvo que por causas técnicas debidamente acreditadas ou por outros motivos cese na prestación dos servizos propios da asociación, o que deberá poñer en coñecemento da Deputación.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro

iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. Se se produce atraso no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e poderá publicarse na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia durante un ano a partir desa data.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e

previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL DEPORTIVA MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAD@S, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que a presente modificación do presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de dous mil dez

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION XUVENIL  
CULTURAL DEPORTIVA  
MEDIOAMBIENTAL E DE PROMOCIÓN DA  
SAÚDE INTEGRA@S

Salvador Fernández Moreda

Juan Santiago España Vidal

#### **10.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO COA ENTIDADE ASPROMOR, PARA O FINANCIAMENTO DA 1ª FASE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA-CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN ORTIGUEIRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio con efectos desde o 1 de outubro de 2009 e atendendo ao obxecto e a finalidade da actividade que se ha realizar, procede:

Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL "ASPROMOR", CIF G-15072077, e domicilio no Paseo Barro Soto, s/n en Ortigueira, A Coruña, CP 15330, para cofinanciamento da execución da PRIMEIRA FASE das obras de construción para creación dunha RESIDENCIA-CENTRO DE DÍA en Ortigueira, A Coruña, cunha achega da Deputación por importe de 200.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 19,69 % do orzamento total dos gastos subvencionados) e que se aboará de conformidade coas cláusulas 6ª e 7ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781”.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” CON SEDE SOCIAL EN ORTIGUEIRA- A CORUÑA E CIF G-15072077, PARA COFINANCIAR A PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA-CENTRO DE DIA EN ORTIGUEIRA, A CORUÑA**

Na cidade da Coruña, na sede da Deputación provincial

**REUNIDOS**

D.Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Fernando Nieto Cortijo, en calidade de representante da ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR”

**EXPOÑEN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para levar a cabo este convenio, consonte coa Lei 5/97 de Admón. local de Galicia art. 109 e 118 xa que de acordo coa Lei 13/08 de servizos sociais para Galicia art. 62 os concellos colaborarán no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, e as Deputacións proporcionarán asistencia a estes conforme ao art. 63.

Os servizos que fomentará este convenio están comprendidos entre os especializados, xa que responden de forma estable a situacións carenciais do colectivo ao que vai dirixido, polo que son de interese para os concellos de referencia dos usuarios.

Que a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” , segundo se desprende dos seus estatutos, ten como finalidade, apoiar ás familias para lograr melloras nas condicións de vida das persoas con discapacidade intelectual e, en concreto, actividades na área de vivenda tutelada e residencia con servizos que ofrezan unha infraestrutura de vivenda/residencia de calidade e garanta un sistema de apoios necesarios para a adaptación á vida comunitaria e ó desenvolvemento progresivo dunha autonomía persoal.

En consecuencia, ambas as dúas partes, acordan colaborar con base ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### **I.-OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” E CIF G-15072077, para o cofinanciamento da primeira fase das obras de construción dunha Residencia- Centro de Día en Ortigueira (A Coruña) , tal como aparece definida esta no proxecto (básico e de execución), redactado por DON FRANCISCO IGLESIAS MIÑO, (arquitecto superior), colexiado/a Nº 312 , que foi visado polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, con data do 15 de outubro de 2009

A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” , na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

### **II.-ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o contrato de adjudicación repártese co seguinte detalle en euros:

CUSTO TOTAL DE PROXECTO: (CentroDía-residencia) comprendendo IVE, gastos xerais, beneficio industrial, licenzas e honorarios.....1.501.303,50 €

CUSTO DE EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE: IVE, gastos xerais, beneficio industrial, licenzas e honorarios ..... 1.143.301,16 €

CUSTO DO PROXECTO DE EXECUCIÓN SUBVENCIONADO:

Execución material 1ª fase ( Centro Día) .....	736.000,00 €
Gastos xerais 13%.....	95.680,00 €
Beneficio industrial 6%.....	44.160,00 €
Imposto sobre o valor engadido.....	140.134,40 €
Presuposto de execución por contrata.....	1.015.974,40 €

### **III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 200.000 €, o que representa unha porcentaxe de 19,69%

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 19,69%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de

proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con motivo da xustificación Aspromor deberá acreditar a solicitude de, polo menos, os tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

#### **V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, cando menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data da inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” previa a presentación da seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- a) Copia do contrato e do expediente de contratación



- b) Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- c) Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- d) Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- e) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- f) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- g) Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- h) Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta da recepción da obra.
- i) Acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- j) Acordo sobre a afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención cando menos por un prazo de DEZ anos.

## **VII.-TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas cando menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

### **IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” queda

sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €

Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de OUTUBRO de 2009 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2010.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL “ASPROMOR” realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo adoptado en sesión plenaria número -----

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN PRO  
DA MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL  
“ASPROMOR”

Salvador Fernández Moreda

Fernando Nieto Cortijo

### **11.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a taxación pericial realizada para valorar o inmovible 1 en Chelo, cuxa adquisición está incluída como actuación número 27 da 3ª fase da anualidade 2010 do Proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder, que foi aprobada polo pleno da Deputación en sesión realizada o 26 de marzo de 2010

1º.- Aprobar a modificación do orzamento da actuación denominada “Adquisición de inmovible 1 Chelo. Pr. Mandeo” código 10.2800.0027.0, que foi incluída na 3ª fase da anualidade 2010 do Proxecto Mandeo 2008-2011 cofinanciado con Fondos Feder, aprobada polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 26 de marzo de 2010.

A modificación ten por obxecto adaptar o orzamento desta actuación á valoración do inmovible 1 en Chelo contida no informe de taxación pericial realizado, de forma que os datos do seu financiamento queden como segue:

Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. <b>TOTAL (€) INICIAL</b>	2010 70% FEDER 30% Deput. <b>TOTAL (€) MODIFICADA</b>	2010 70% FEDER 30% Deput. <b>TOTAL (€) DIFERENZA</b>
10.2800.0027.0	Adquisición inmovible 1. Chelo. Pr. Mandeo	47.600,00	48.143,68	543,68
		20.400,00	20.633,00	233,00
		68.000,00	68.776,68	776,68

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitirlles o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”



“REHABILITACIÓN DO CRUCEIRO NA PRAZA PÚBLICA DE REVIXÓS E OUTROS”, tal como aparece definida esta no proxecto de execución), redactado por D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro Colexiado nº 3.871.

O Concello de Dodro, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para executar as obras.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, ten o seguinte detalle:

P. E.M:	99.855,21
GASTOS XERAIS	12.981,18
BENEFICIO INDUSTRIAL	5.991,31
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	19.012,43
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	<b>137.840,13</b>

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 63.278,78 €, o que representa unha porcentaxe de 45,91%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,91%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado. Para tal efecto entenderase por gasto xustificado a suma de tódolos conceptos incorporados ás certificacións de obras, consonte a cláusula II.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ó Concello de Dodro o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Dodro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Dodro estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Consonte ao disposto na base 55ª.2 das de execución do orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Dodro pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que consten polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

4. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director.
5. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
8. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Dodro na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Dodro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**



1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Dodro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA..
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Dodro para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Dodro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Dodro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Dodro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Dodro poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Dodro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica

2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Dodro será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 02/11/2010.
2. Despois da solicitude do Concello de Dodro realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Dodro respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que a presente modificación foi aprobada polo pleno da Corporación en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_ de dous mil dez

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO
Salvador Fernández Moreda	D. Arturo Díaz Díaz

### **13.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO-ENFERMOS MENTAIS A CORUÑA PARA A REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL DE TALLER DE CERÁMICA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede:

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA, con CIF:G15034176 e domicilio en PZ **Os Chopos, bloque 22, 15008 A Coruña**, para financiar os gastos de execución das obras de reforma e acondicionamento dun local para o seu uso como taller de cerámica, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 196.000,00€ (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 71,35%) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª e 7ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231D/781, RC número de operación 220100000132 do 28.01.2010.

**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" con sede social na Coruña e CIF G15034176, para financiar as obras de reforma e acondicionamento dun local para o seu uso como taller de cerámica sito na Coruña".**

“Na cidade da Coruña, con data do

**Reunidos:**

D.Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. José Luís Muruzabal Arlegui, en calidade de representante da ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" .

**EXPOÑEN:**

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña, é competente para levar a cabo este convenio, consonte coa Lei 5/97 de Admón. local de Galicia art. 109 e 118 xa que de acordo coa Lei 13/08 de servizos sociais para Galicia art. 62 os concellos colaborarán no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, e as deputacións proporcionarán asistencia a estes conforme o art. 63.

Os servizos que fomentará este convenio están comprendidos entre os especializados, xa que responden de forma estable a situacións carenciais do colectivo ao que vai dirixido, polo que son de interese para os concellos de referencia dos usuarios.

Que a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" , segundo se desprende dos seus estatutos, ten como finalidade, potenciar a creación de servizos propios, ou en colaboración con outras entidades, destinados á recuperación e rehabilitación das persoas con enfermidade mental así como a súa integración social e laboral.

En consecuencia, ámbalas dúas partes, acordan colaborar con base ás seguintes:

**CLÁUSULAS**

**I.-OBJECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" e CIF G15034176, para o financiamento da reforma e acondicionamento dun local situado na rúa camiño da Igrexa da Coruña, para o seu uso como taller de cerámica, tal como aparece definida esta no proxecto básico, redactado por D. Carlos Rodríguez Ponte (arquitecto), colexiado nº 1965 , que foi visado polo COLEXIO de Arquitectos da Coruña, con data do 25 de setembro de 2009.

A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM", na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

**II.-ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto básico repártese co seguinte detalle:

DEMOLICIÓN	2.400,00 €
------------	------------

ILLAMENTO E IMPERMEABILIZACIÓNS	6.400,00 €
ALBANELERÍA	14.000,00 €
AZULEXADOS E REVESTIMENTOS	25.000,00 €
PAVIMENTOS E TEITOS	21.000,00 €
CARPINTERÍA INTERIOR E MOBILIARIO	8.500,00 €
CARPINTERÍA EXTERIOR	17.500,00 €
VIDREIRAS E PROTECCIÓNS	6.600,00 €
FONTANERÍA E SANEAMENTO	13.000,00 €
SANITARIOS E CONXUNTO DE BILLAS	15.000,00 €
ELECTRICIDADE, TELEFONÍA E CONTRA INCENDIOS	8.000,00 €
ILUMINACIÓN	17.000,00 €
SEGURIDADE E SAÚDE	2.100,00 €
CONTROL DE CALIDADE	2.000,00 €
XESTIÓN DE RESIDUOS	2.500,00 €
TERRAZA SUPERIOR	32.000,00 €
TERRAZA INFERIOR	6.000,00 €
<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>199.000,00 €</b>
<b>13% g.x.</b>	25.870,00 €
<b>6% b.i.</b>	11.940,00 €
<b>16 % IVE.</b>	37.889,60 €
<b>TOTAL CONTRATA</b>	<b>274.699,60 €</b>

### III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 196.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 71,35%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 71,35%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231D/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. Con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM"deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

- 1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible cando menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.**

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

1. Copia do contrato e do expediente seguido para a contratación
2. Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
3. Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
4. Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
7. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.  
Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar:
8. Acta da recepción da obra.
9. Acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
10. Acordo sobre a afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención cando menos por un prazo de CINCO anos.

#### **VII.-TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas cando menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre



outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá levar consigo a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción dispоста na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" remitiráselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM" será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 01 de xaneiro de 2010 e conservará a súa vixencia durante un ano dende a súa sinatura.
2. Despois da solicitude da ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS DA CORUÑA "APEM", realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.  
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número con data do de dous mil dez.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA O PRESIDENTE DA DA

Salvador Fernández Moreda

#### **14.-MODIFICAR O TEXTO DO CONVENIO TIPO DA CAMPAÑA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN CIVIL (GRUMIR) 2010.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“APROBAR a modificación do punto I da cláusula décimo terceira (relativa ao prazo de vixencia) dos CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E 16 CONCELLOS DA PROVINCIA (Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo) PARA O SOSTEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA aprobados mediante acordo plenario do 30 de abril de 2010 e que quedará redactada da seguinte forma:

##### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro do dous mil dez e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2011.

A dispoñibilidade da aprobación provincial correspondente ao exercicio 2011 queda condicionada á consignación, nos orzamentos da Corporación para o dito exercicio, de crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á dita achega. No caso de non producirse a consignación do crédito, os acordos, resolucións e actos administrativos que asuma compromisos de gasto por contía superior aos créditos autorizados serán nulos de pleno dereito, de conformidade co establecido no artigo 173.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo (BOE do 9 de marzo de 2004).”

#### **15.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DA II E III FASE DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN CABO DE CRUZ E DOTACIÓN DE MOBILIARIO (MODIFICACIÓN DE PRESUPOSTO E DE COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede:

APROBAR a modificación do orzamento e do coeficiente de financiamento así como a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o Concello de BOIRO, con CIF: P 1501100J e domicilio en Praza do Concello s/n, 15930 Boiro, para financiar a II e III FASE DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MÚLTIPLES EN CABO DE CRUZ E DOTACIÓN DE MOBILIARIO ( convenio 2010 ), con efectos desde a súa sinatura ata o día 10 de novembro de 2011, cunha achega da Deputación de 800.000 € o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100% do orzamento total de gastos) e que se aprobará conforme co disposto na cláusula 3ª, 6ª e 7ª do convenio con cargo á aplicación 0202/337B/762.01 condicionado á simultánea modificación da base 49 das de execución do orzamento provincial para o ano 2010 no que se incorpora a subvención nominativa a que se refire o devandito convenio.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DA II e III FASE DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN CABO DE CRUZ E DOTACIÓN DE MOBILIARIO**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. Xosé Deira Triñanes alcalde-presidente do Concello de BOIRO  
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

1. Que o 6 de agosto de 2008 formalizouse co nº 97/2008 un convenio co Concello de Boiro para a CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MÚLTIPLES (II fase) en Cabo de Cruz, cun presuposto de execución de 613.110,00 € e cunha achega provincial de 500.000,00 €, sendo a vixencia do citado convenio ata o 10/10/2009 pero por causas no imputables ao concello, non puido levarse a termo nas condicións inicialmente establecidas.
2. No ano 2010 o expediente de modificación de crédito incorporou 500.000,00 € no documento AD nº 220100011091 con data do 26/04/2010 e partida 0202/337B/76201

3. No escrito do Concello de Boiro do ano 2010 solicítase que se deixe sen efecto o convenio do ano 2008 e se subscriba un novo convenio que teña por obxecto as OBRAS DA II e III FASE DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN CABO DE CRUZ E DOTACIÓN DE MOBILIARIO cun presuposto de execución de 800.000, 00 € e unha porcentaxe de financiamento por parte da Deputación do 100%

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BOIRO ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Deixar sen efecto o convenio 97/2008 do 6 de agosto de 2008 nos termos manifestados na parte expositiva e formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BOIRO con CIF P\_1501100\_J, para o financiamento da obra da II e III FASE DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL E DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN CABO DE CRUZ E DOTACIÓN DE MOBILIARIO, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por D. Amancio Losada Vicente (arquitecto Colexiado Nº1.463 )

O Concello de BOIRO, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detallado do seguinte xeito:

#### **ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL\_ ACONDICIONAMENTO**

P. E.M:	500.773,69 €
GASTOS XERAIS	65.100,58 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	30.046,42 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	107.265,73 €
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>703.186,42 €</b>

#### **ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL\_ MOBILIARIO**

<b>SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO</b>	<b>82.045,41 €</b>
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	14.768,17 €
<b>TOTAL</b>	<b>96.813,58 €</b>

**ORZAMENTO TOTAL**

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO	703.186,42 €
SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO	96.813,58 €
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>800.000,00 €</b>

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 800.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00%.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/337B/76201**, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BOIRO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, ao Concello de BOIRO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

### **ACONDICIONAMENTO**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BOIRO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

### **MOBILIARIO**

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, ao Concello de BOIRO deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A.Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de BOIRO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

### **ACONDICIONAMENTO**

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de BOIRO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.  
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de BOIRO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

### **MOBILIARIO**

- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de BOIRO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

B.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de BOIRO na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, ao Concello de BOIRO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial e a adquisición do ben, que é obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.



2. Unha vez rematadas as obras e unha vez realizada a adquisición, o Concello de BOIRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de BOIRO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de BOIRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello de BOIRO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello de BOIRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de BOIRO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BOIRO, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de BOIRO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BOIRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata 10 de novembro de 2011.

2. Previa solicitude do Concello de BOIRO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BOIRO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por  
de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
BOIRO

Xosé Deira Triñanes

**16.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A  
DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN TERRA DE HOMES ESPAÑA PARA  
FINANCIAR O PROXECTO VIAXE CARA A VIDA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede:

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TERRA DE HOMES ESPAÑA, con CIF:G 80956733, para cofinanciar os gastos de execución do proxecto "Viaxe cara á Vida", cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 6.500,00€ (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, RC número de operación 220100024519 do 16.07.2010”

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA  
CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA PARA O  
COFINANCIAMIENTO DO PROXECTO “VIAJE HACIA LA VIDA”**

A Coruña,

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI núm. 32.438.922-K, que intervéen neste acto en nome e representación da “Fundación Tierra de Hombres España”, CIF G-80956733, con domicilio social na Rúa Os Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, e

## **MANIFESTAN**

A “Fundación Tierra de Hombres España” (a beneficiaria, en adiante), CIF G80956733, é unha organización non governamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do *Movemento Internacional Terre des Hommes*, creado en Lausanne (Suíza) en 1960. É membro asociado da *Federación Internacional Terre des hommes (FITDH)*, a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e organismo consultivo do *Consello Económico e Social de Nacións Unidas*, de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “Viaje hacia la Vida” enmárcase nun programa de atencións médicas especializadas que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación. Cando isto non é posible, particularmente porque a enfermidade afecta aos máis pequenos e se precisa unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “Viaje hacia la Vida”.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, establecida na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Dado o interese coincidente da Deputación e Fundación Tierra de Hombres España, ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O proxecto “Viaje hacia la Vida”, que se desenvolve a nivel nacional, consiste en que a través dunha rede de colaboradores tanto no terreo, onde se seleccionan os casos máis necesitados, como nos países do norte, onde a través de convenios con centros sanitarios e con familias de acollida, se trasladan aos nenos/as enfermos, se lles facilita a atención médica especializada que precisen e, unha vez recuperados, se devolven aos seus lugares de orixe e se entregan ás súas familias”.

A través de acordos cos centros sanitarios da nosa comunidade autónoma, no ano 2010 está previsto traer entre 6 e 8 nenos/as procedentes dos seguintes países africanos: Benin, Guinea Conakry, Madagascar, Marrocos, Mauritania, Senegal e Togo.

### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO DE GASTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Gastos do persoal coordinador do programa en Galicia	4.600,00
Comunicacións (correo, mensaxería e teléfono)	800,00
Material sensibilización (revista, folletos, web, etc.)	800,00
Seguros de voluntarios e nenos beneficiarios	300,00
<b>TOTAL</b>	<b>6.500,00</b>

Os citados importes constitúen a parte proporcional dos gastos de execución do proxecto en canto aos beneficiarios que sexan atendidos en centros sanitarios da Galicia.

### **III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.200,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de

eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria nun único prazo, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.1. Memoria final da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das persoas beneficiarias do proxecto, indicando o nome completo e o seu país de orixe, centro no que foi atendido, e demais actividades realizadas e resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha reportaxe fotográfica alusiva ás actividades relacionadas co obxecto do convenio.
- 1.2. Copias compulsadas das autorizacións administrativas correspondentes, estatais e autonómicas, para o traslado dos menores.
- 1.3. Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, e os importes totais e os imputados ao proxecto. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- 1.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 1.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- 1.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 1.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán realizarse durante o período 1.01.2010 e o 31.12.2010.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA como moi tarde ata DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se transcorren máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 1.01.2010, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011. Porén, admitiranse xustificantes de gasto pola contratación dos seguros de voluntarios e nenos beneficiarios datados no ano 2009.

2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo en sesión do ..... de ..... do 2010.

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES  
ESPAÑA

Salvador Fernández Moreda

Raúl Besada Vázquez

**17.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ONGD ECODESARROLLO GAIA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ESCOLA DE YOFF-TONGHOR EN SENEGAL” DURANTE O ANO 2010.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede:

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG "ECODESARROLLO GAIA", con CIF:G G15507171, para cofinanciar os gastos derivados do proxecto "ESCOLA CORUÑA DE YOFF-TONGHOR, SENEGAL", cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 10.000,00€ (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 40,00%) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, RC número de operación 220100024533 do 16.07.2010”.

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD ECODESARROLLO GAIA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “ESCOLA CORUÑA, DE YOFF – TONGHOR, SENEGAL”**

A Coruña,

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Guillermo Fernández-Obranza García, DNI núm. 36.481.315-E, que intervéñ neste acto en nome e representación da ONGD “Ecodesarrollo Gaia”, CIF G-15507171, con domicilio social na Rúa Antonio Pereira, 3 - baixo (A Coruña), na súa calidade de presidente e conforme competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, e

## **MANIFESTAN**

“Ecodesarrollo Gaia” (a beneficiaria, en adiante) é unha organización non governamental para o desenvolvemento, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais cos núms. 135.597 e 3.788, dende 1994.

No marco dos seus estatutos e de acordo cos seus fins, a beneficiaria creou na localidade de Yoff - Tonghor, en Senegal, un centro educativo denominado “Escola Coruña”, no que desenvolve unha parte importante das súas actividades, que consisten na realización de actividades formativas dirixidas a nenas desescolarizadas e a mulleres en xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías, alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, en Senegal.

Ao respecto do proxecto en cuestión, hai que ter en conta que o ámbito xeográfico ao que afecta está entre os que o “Plan Director da Cooperación Galega 2006 – 2009”, considera como prioritarios da axuda oficial ao desenvolvemento. Asemade, o citado documento de planificación considera como prioridades transversais as intervencións que incidan no eido da loita contra a pobreza e na promoción da igualdade entre homes e mulleres, na medida que contribúen á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/2008, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei galega 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, razón pola que na sesión ordinaria do Pleno Corporativo do 26.06.2009, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da ONGD “Ecodesarrollo Gaia”, CIF G15507171, por importe de 12.500 euros para o financiamento dos gastos durante o ano 2009 do proxecto “Escola Coruña, de Yoff – Tonghor”, en Senegal.

Dado o interese coincidente da Deputación da ONGD “Ecodesarrollo Gaia”, ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ONGD “Ecodesarrollo Gaia”, CIF G-15507171, para o financiamento do proxecto “Escola Coruña, de Yoff - Tonghor”, en Senegal, que consiste no financiamento dos gastos de funcionamento dos servizos que o citado centro educativo prestou durante o ano 2010, en canto ás actividades formativas dirixidas a nenas desescolarizadas, a mulleres en xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías, alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, en Senegal.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento de execución, segundo se indica no proxecto, ascende a 25.000 €, que se detalla nas seguintes partidas:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Persoal (directora, profesoras, asistentes, vixiantes, etc.)	17.750,00
Mantemento xeral (luz, auga, teléfono, etc.)	750,00
Produtos alimentación	2.200,00
Material oficina (papel, tinta, tóner, etc.)	600,00
Material didáctico (libretas, pinturas, lapis, etc.)	1.350,00
Pequenas reparacións	1.200,00
Desprazamento para seguimento do proxecto	1.150,00
<b>TOTAL</b>	<b>25.000,00</b>

## III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 40,00 %. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao cobro desta.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación, por importe de 10.000,00 euros, aboarase despois de que a beneficiaria presente a seguinte documentación:

- 1.1 Memoria final da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha reportaxe fotográfica da realización das actividades.
- 1.2 Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- 1.3 Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 1.4 Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 1.5 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- 1.6 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- 1.7 Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.
3. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán executarse entre o 1.01.2010 e o 31.12.2010.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas.



3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 1.01.2010, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011.

2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data do dous mil nove

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A ONGD ECODESARROLLO GAIA

Salvador Fernández Moreda

Fernández-Obranza García

#### **18.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO EN CUBA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede:

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA, con CIF:G G15905839, para financiar o proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento en Cuba, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 25.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do

convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, RC número de operación 220100023693 do 12.07.2010.”

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL EN MATERIA DE INNOVACIÓN E CALIDADE DO INSTITUTO PEDRO KOURI, DA REPÚBLICA DE CUBA**

A Coruña,

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Julio Galán Vázquez, DNI núm. 32.822.075-V, que intervéñ neste acto en nome e representación da “Fundación Galicia Innova”, CIF G-15905839, con domicilio social na Rúa Cabo Santiago Gómez, 8 - A Coruña, na súa calidade de director xeral do Comité Executivo, segundo poder outorgado polo seu Padroado na reunión do 12.06.2007 e conforme os estatutos fundacionais.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, e

**MANIFESTAN**

A Fundación Galicia Innova é unha organización de natureza fundacional, constituída no ano 2003 ao amparo da normativa galega reguladora do réxime das fundacións de interese galego (hoxe contida na Lei 12/2006, do 1 de decembro), declarada e inscrita como Fundación de interese galego en virtude da Orde do 19 de xaneiro de 2004 (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2004), e inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento e no de Axentes Sociais.

Dende a súa constitución e acordo cos seus estatutos, a Fundación Galicia Innova vén identificando e executando programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración con institucións públicas e organizacións e entidades privadas, tanto en España como noutros países, de xeito que acumula unha grande experiencia, especialmente no eido dos servizos de atención ás necesidades básicas da poboación.

A proposta de colaboración que presenta consiste no fortalecemento institucional en materia de innovación e calidade do centro gobernamental cubano que representa e lidera todas as actividades relacionadas cos procesos investigativos e vixilancia epidemiolóxica, así como a atención médica especializada, o Instituto de Medicina Tropical Pedro Kourí (IPK), fundado o 8 de decembro de 1937, que na actualidade continúa o seu desenvolvemento con vistas a reafirmarse como Centro de Excelencia dedicado no só á parasitoxía e á medicina tropical, senón á formación profesional en microbioloxía médica, infectoloxía, epidemioloxía de enfermidades transmisibles e investigacións sociais.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto tocante ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como tocante á cooperación internacional ao desenvolvemento, establecida na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Galicia Innova, ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Galicia Innova, CIF G-15905839, para o cofinanciamento do proxecto denominado “Fortalecemento na área de innovación e calidade do Instituto Pedro Kourí (IPK, en adiante), co obxecto de mellorar as capacidades investigativas, de atención médica e de vixilancia epidemiolóxica das enfermidades transmisibles na República de Cuba”, a través do seu fortalecemento institucional.

A metodoloxía de execución do proxecto levarase a cabo, en colaboración co IPK, nas seguintes fases:

- **Fase 1ª.** Ferramentas de xestión da innovación definidas e implementadas no Instituto Pedro Lourí (IPK, en adiante).- Nunha primeira etapa levarase a cabo un análise e diagnóstico da situación de partida do IPK, a través do estudo da documentación dispoñible e de reunións de traballo e entrevistas co seu persoal médico, investigador e docente, que finalizará coa elaboración dun “Diagnóstico Inicial”.

Posteriormente, na segunda etapa, abordarase a implantación dun “Plan de acción no IPK”, no que se realizará a programación e asignación dos recursos necesarios a prol de mellorar a prestación do servizo en materia de investigación e tratamento e vixilancia das enfermidades transmisibles, actuando baixo a óptica da xestión da calidade e da innovación.

Esta primeira fase rematará coa elaboración de protocolos de actuación e co establecemento dun “Observatorio de Indicadores”, por áreas temáticas, que permita levar a cabo a avaliación e seguimento correspondentes á seguinte fase do proxecto.

- **Fase 2ª.** Avaliación e seguimento.- Nesta fase levarase a cabo a avaliación e seguimento dos procesos implantados, a través da elaboración dun programa de auditoría que, unha vez executado, rematará cun “Informe de Auditoría” no que se reflectan as deficiencias e recomendacións que procedan.

- **Fase 3ª.** Fortalecer e promover a cultura da innovación investigativa, para dar a coñecer o proxecto, motivar e estimular á participación activa no proceso e fortalecer o coñecemento por parte das institucións gobernamentais, verbo da definición de políticas orientadas á mellora dos procesos de investigación e vixilancia das enfermidades transmisibles. Este obxectivo

realizarse a través da organización de dúas xornadas de capacitación, dunha duración mínima de 8 horas cada unha, dirixido ao persoal do IPK.

## **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA**

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Gastos de persoal	
1.1.Soldos e salarios	23.900,00
2. Gastos en bens correntes e servizos	
2.4. Servizos exteriores	7.350,00
TOTAL	31.250,00

## **III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria en dous prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:

**1.1. Primeiro prazo.-** Por importe de 15.000,00 € (equivalente ao 60 % da achega concedida), con carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación da fianza ou garantía (Base 47ª das de execución do orzamento provincial para 2010, en relación coa Disposición Adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pago anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo establecido, non se presentase a xustificación correspondente.

1.1.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o aboamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula VIII, e a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto Fortalecemento na área de innovación e calidade do Instituto Pedro Kourí, co obxecto de mellorar as capacidades investigativas, de atención médica e de vixilancia epidemiolóxica das enfermidades transmisibles na República de Cuba”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

**1.2. Segundo prazo.-** Polo importe restante da achega concedida, despois da presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Memoria final da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha copia dos documentos: Diagnóstico Inicial e Plan de implantación no IPK elaborados na fase 1ª, o Informe de Auditoría elaborado na 2ª fase, e relación

- de asistentes e reportaxe fotográfica da realización das dúas xornadas ás que se refire a 3ª fase.
- 1.2.2. Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
  - 1.2.3. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
  - 1.2.4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
  - 1.2.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
  - 1.2.6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - 1.2.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**



1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 01.01.2010, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011.

2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data de do dous mil nove.

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA

Salvador Fernández Moreda

Manuel Julio Galán Vázquez

**19.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010, SEXTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO COMPLEMENTARIO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA ESTRADA DP 8203 DE VEDRA Á PONTE DE SANTA LUCÍA (VEDRA) (10.1100006.0) ORZAMENTO 131.823,03.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 SEXTA FASE cun presuposto total de 131.823,03 €, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
Proxecto complementario de ampliación e mellora de trazado na estrada DP 8203 de Vedra a Ponte de Santa Lucía (Vedra) (1011100006.0)	131823,03 (IVE 18%)

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**20.-APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2009, SEXTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO ACTUALIZADO DA TRAVESÍA DO VILAR NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PQ 5+800 AO PQ 6+470 E NA DP 1302 NEGREIRA A URDILDE PQ 5+470 AO PQ 5+600 VILAR (BRIÓN) (091130.0022.0). ORZAMENTO 626.774,61.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2009, 6ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 626.774,61 € (IVE 18%) e que son os que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO ACTUALIZADO TRAVESÍA DO VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN) (1011300022.0)	626.774,61 euros
Total	626.774,61 euros

Aplicación 0401/453C/60900

2-Expor ao público unha vez aprobado provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

**21.-APROBAR TECNICAMENTE O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO DE SENDA PEONIL DP 5603 PQ 1+550 AO 2+170 (NEGREIRA) ORZAMENTO 136.610,2. SOLICITARLE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
Senda peonil na DP 5603 Negreira ao Cornado PQ 1+550 ao 2+170 e entre PQ 7+540 ao 7+820 e entre PQ 8+730 ao 10+770 e entre PQ 11+100 ao 12+900 (Negreira)	<b>136.610,2 (IVE 18%)</b>

2.- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras Senda peonil DP 5603 PQ 1+550 a 2+170 (Negreira), tales como que:

-Segundo datos de aforamentos realizados recentemente a intensidade media diaria da devandita estrada é de 1614 vehículos/día cun 7,18% de vehículos pesados e con intensidades horarias de ata 121 vehículos/hora

-Nos últimos catro anos houbo 9 accidentes de tráfico, cun morto. Independentemente doutras circunstancias concorrentes (velocidade, estado do condutor, factores climatolóxicos), a mellora urxente das condicións da circulación peonil da vía diminuírá o risco de atopelo.

-A estrada provincial atravesa núcleos de poboación con gran densidade de vivendas, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada carece de beiravías, provoca que os peóns non poidan desprazarse nas debidas condicións de seguridade. A creación de senda peonil posibilitará unha circulación máis segura para todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.

É por iso que se considera suficientemente xustificada a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para unha pronta execución da obra de mellora da estrada co obxecto de corrixir, no menor tempo posible, as carencias actuais que imposibilitan unha mellora da seguridade viaria da estrada provincial DP 5603.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TÍTULO DO PROXECTO
Senda peonil na DP 5603 Negreira ao Cornado PQ 1+550 ao 2+170 e entre PQ 7+540 ao 7+820 e entre PQ 8+730 ao 10+770 e entre PQ 11+100 ao 12+900 (Negreira)

mediante publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

**22.-APROBAR TECNICAMENTE O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PQ 0+047 AO 0+377 (BRIÓN).**

**SOLICITARLLE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará o Programa de vías provinciais 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
Ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 1301 da Gándara á Amañecida P.K. 0+047 ao 0+377 (Brión)	139917,59	137.359,39
Totais	139917,59	137.359,39

PRESUPOSTO IVE EXCLUÍDO	118.574,23
IMPORTE IVE 16%	18.971,88
IMPORTE IVE INCLUÍDO (16%)	137.546,11
PRESUPOSTO IVE EXCLUÍDO	118.574,23
IMPORTE IVE (18%)	21.343,36
IMPORTE IVE INCLUÍDO (18%)	139.917,59

-Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen consideraranse definitivamente aprobados.

-Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co art. 52 da Lei de expropiación forzosa e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA, PQ 0+047 AO 0+377 (BRIÓN), tales como que:

-Actualmente a estrada DP 1301 ten unha calzada estreita de media inferior aos 6 metros, carece de beiravías. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención.

-Segundo datos de aforamentos realizados recentemente a intensidade media diaria da devandita estrada é de 1046 vehículos/día cun 4,645% de vehículos pesados e con intensidades horarias de ata 106/hora, que unido ás precarias condicións xeométricas da vía, provocan que, actualmente, a seguridade na circulación da estrada necesita unha mellora urxente, que ha de consistir na consecución dunha mellor xeometría (ampliación de calzada, creación de beiravías).

-A estrada provincial atravesa núcleos de poboación con gran densidade de vivendas, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada carece de beiravías, que unido ás reducidas dimensións da calzada provoca que os peóns non poidan desprazarse coas debidas condicións de seguridade. A mellora do ancho de calzada e a creación de beiravías posibilitarán unha circulación máis segura para todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.

É por iso que se considera suficientemente xustificada a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para unha pronta execución da obra de mellora da estrada co obxecto de corrixir, no menor tempo posible, as carencias actuais que imposibilitan unha mellora da seguridade viaria da estrada provincial DP 1301.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

-Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TÍTULO DO PROXECTO
Ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 1301 da Gándara á Amañecida PQ 0+047 ao 0+377 (Brión)

Mediante publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* cun prazo de 15 días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

**23.-TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS PROPIOS E DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2009: EXENCIÓNS/BONIFICACIÓNS DO IVTM (*IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*); PADRÓN FISCAL DO IVTM, PADRÓN FISCAL DO IAE (*IMPOSTO ACTIVIDADES ECONÓMICAS*); ACTAS DE INSPECCIÓN E OS EXPEDIENTES SANCIONADORES ASOCIADOS E PADRÓNS DO IBI (*IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS*).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención Provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009, na aplicación do disposto nos artigos 214,219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da base 32 das de execución do presuposto para o exercicio 2009 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002, do 28 de decembro, modificada pola Resolución núm. 10.157/2007, do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar informados do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación, polo que é obrigado felicitar aos servizos de xestión tributaria polos resultados obtidos e por estar a superar as dificultades que toda nova aplicación informática supón.”

#### **24.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE BETANZOS EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Betanzos en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

#### **25.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BETANZOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Betanzos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no *Diario Oficial de Galicia*, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

## **26.-APROBAR A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Aprobar a Conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2009, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao *Tribunal de Contas*, ao Consello de Contas e remitirle á *Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais* a devandita conta unha vez aprobada definitivamente.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.